



**NARÓN**

**Datos Do Expediente:**

PROCEDEMENTO ABERTO		
Unidade Tramitadora:		
Contratacion e Obras Publicas – IMG		
Número expediente:	Documento:	Data:
CON/11/2012	CONWI05K	25-04-2012
1Y4M1M0Y1P2H075D0ZSB		

## MESA DE CONTRATACIÓN

### ACTA DE CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA

#### PRESIDENTE:

D. José M. Blanco Suárez (Alcalde-Presidente)

#### VOGAIS

D. Alfonso de Prado Fernández-Canteli (Secretario Xeral)  
D. Manuel G. Antón Villamil (Interventor Accidental)  
Dna. Natalia Hermida Rico (Concelleira delegada deportes)  
D. Rafael Flores Veiga (Xerente Padrado de Deportes)

#### SECRETARIO

D. Ignacio Mazaira Garro. (Xefe Sección Contratación)

En Narón, sendo as 12 horas e 15 minutos do día 25 de abril de 2012, reúnese a Mesa de Contratación

Na Sala de Reunións da Casa do Concello, coa asistencia das persoas anteditas, en cumprimento do previsto no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, así como no prego de cláusulas administrativas particulares, que regula a contratación do “Servizo de limpeza, mantemento e control de entradas no Estadio Municipal”, co gallo de tratar o punto da orde do día “Exame da documentación administrativa”

De conformidade co artigo 26.1 da Lei 30/1992 de 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento común, considerouse válidamente constituída a Mesa de Contratación, procedendo o Sr. Presidente á apertura da sesión.

En primeiro lugar o Secretario do órgano colexiado informou aos membros da Mesa das proposicións recibidas ata o momento do peche da recepción de ofertas, sendo estas:



**NARÓN**

PEDRASALGADA S.L.  
SAMYL S.L.  
ZONAS VERDES ANIBAL SOTO S.L.  
CLECE S.A.  
LIMPEZAS MANSER S.L.


A continuación procedeuse á cualificación da documentación presentada polos licitadores nas súas propostas dentro do sobre "A". Cotexada a documentación co previsto no Prego, a Mesa considerou correcta a documentación achegada polos licitadores.

A Mesa de contratación acorda reunirse o luns día 30 de abril as 12 horas e trinta minutos, para proceder a apertura do sobre "B" referencias técnicas.

Seguidamente, o Sr. Presidente pregunta aos membros da Mesa se desexaban realizar calquera pregunta, observación ou aclaración a realizar. Non se produxo intervención algunha ao respecto.

Non tendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as doce horas e vinte e cinco minutos da data indicada no encabezamento, do desenvolvemento da mesma eu, como Secretario, dou fe. Levantándose acta do desenvolvemento deste acto que asino co Visto e prace do Sr. Presidente.

Vº e Prace  
O Presidente



O Secretario